

A TRABE DE OURO

PUBLICACIÓN GALEGA DE PENSAMENTO CRÍTICO



TOMO III/ ANO XIV./ 2003
Xullo • Agosto • Setembro

S E P A R A T A

XESÚS ALONSO MONTERO:
CURROS ENRÍQUEZ NO FRANQUISMO
(1936-1971)

tresCtes, 2003

Miro Villar

A saúde da nosa literatura sería outra ben distinta de carecermos de editoriais preocupadas en rescatar do esquecemento unha boa parte da nosa historia literaria. Velaí o esforzo xigantesco e nunca dabondo recoñecido das Edicións do Castro, nomeadamente a través da súa colección «Documentos para a historia contemporánea de Galicia» (con máis de 170 títulos). Xunto a esta veterana iniciativa, existen outras importantes coleccións e a elas hai que engadir a contribución da pequena editorial tresCtes, nunha colección denominada «Nós-outros / Ensaio» e dirixida por Amancio Liñares Giraut e Antonio Puentes Chao, que se inaugurou recentemente co volume *Miguel de Unamuno e a lingua galega* de A. Rodríguez Guerra e no que agora ve a luz o libro que hoxe nos ocupa, *Curros Enríquez no franquismo (1936-1971)*.

Do seu autor, o profesor Xesús Alonso Montero, unicamente diremos que non é a primeira vez que se aproxima á figura do poeta de Celanova, como demostran as 31 refe-

rencias recollidas por Elisardo López Varela na súa tese de doutoramento *A poesía galega de Manuel Curros Enríquez*, onde non aparece a súa estrea como publicista, co artigo «A lingua galega desde Curros» publicada en 1951 en *Grial*. A este autor dedicoulle tamén Alonso Montero a súa propia tese de doutoramento, lida en 1966 en Salamanca, co título *Lengua y estilo en la presencia gallega de Curros Enríquez* ou foi o responsable da edición plurilingüe na que o poeta canta a Rosalía de Castro en vinte linguas.

En esencia, mais non só, o libro recolle a conferencia pronunciada na inauguración do congreso celebrado en setembro do ano 2001 en Celanova (que tivo o seu colofón na Coruña) con ocasión do 150 aniversario da morte do poeta, texto que levaba como título *A guerra civil tamén se perpetrou contra Curros Enríquez (Presencia e ausencias do nome e da obra de Curros de 1936 a 1971)*. A esta conferencia engádenselle unha serie de apartados escritos *ad hoc* e o artigo «O poeta Curros Enríquez contra Franco», ademais duns interesantes e pouco divulgados apéndices en facsímile, entre os que salienta a páxina do BOP de Lugo (21/II/1937) onde a denominada Comisión Depuradora de Bibliotecas Escolares dictamina que *Aires da miña terra* e outros libros deben ser retirados porque «se consideran nocivos o inadecuados para la tarea escolar».

Non é o momento de debullar polo miúdo as páxinas deste volume, mais cómpre chamar a atención lectora sobre algúns aspectos. O primeiros deles é a singular capacidade suxestiva que hai case sempre nos epígrafes ou encabezamentos escollidos polo profesor Alonso Montero. Velaquí como xoga co título deste para facernos participar nun mundo de aparente anacronismo.

Excelentes son tamén as páxinas nas que se nos presenta a autocensura en 1945 de don Ramón Otero Pedrayo, cotexando un texto da súa autoría con outro tamén seu de 1926, que serviu de inspiración para o segundo. Ou aqueloutras que nos permiten enfrontar a efeméride do centenario do nacemento de Curros, no ano 1951, ora desde a perspectiva oficiasta do franquismo, ora desde as diferentes colectividades galegas no exilio. Este capítulo é de obrigada lectura porque han ser moitas as sorpresas coas que nos atoparemos.

En definitiva, toda a produción ensaística que se nos ofrece posúe a característica común de estar escrita dunha maneira rigorosa na exposición do tema, non desprovista desa intencionalidade esclarecedora e didáctica que é algo inherente a outros traballos de investigación literaria do profesor Alonso Montero, para quen a erudita e minuciosa recolleita de información non está reñida coa capacidade comunicadora, feita con precisión e amenidade. Unha proba minúscula dese pracer polo detalle é a fermosa dedicatoria:

A Carmen Fernández Méndez, multada na Coruña, en 1937, por ter 350 libros e folletos de contenido «marxista» ou «pornográfico».

Finalmente, coma sempre, o libro suxire liñas de investigación inexploradas e téndelle a man a investigadores novos para profundizar en aspectos aínda en penumbra da nosa literatura. De feito, en relación coa devandita dedicatoria está a invitación a investigar sobre os fondos bibliográficos que o franquismo fixo desaparecer.